



# Revista de Guimarães

Publicação da Sociedade Martins Sarmiento

## FRANCISCO MARTINS SARMENTO E A GALIZA.

PRADO FERNÁNDEZ, Otília

Ano: 1999 | Número: 109a

---

### Como citar este documento:

PRADO FERNÁNDEZ, Otília, Francisco Martins Sarmiento e a Galiza. *Revista de Guimarães*, Volume especial - Actas do Congresso de Proto-História Europeia, 1999, p. 193-200.

---

Casa de Sarmiento  
Centro de Estudos do Património  
Universidade do Minho

Largo Martins Sarmiento, 51  
4800-432 Guimarães  
E-mail: [geral@csarmiento.uminho.pt](mailto:geral@csarmiento.uminho.pt)  
URL: [www.csarmiento.uminho.pt](http://www.csarmiento.uminho.pt)



Este trabalho está licenciado com uma Licença Creative Commons  
Atribuição-NãoComercial-SemDerivações 4.0 Internacional.  
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>

## Francisco Martins Sarmiento e a Galiza

Otilia Prado Fernández\*<sup>1</sup>

Revista de Guimarães, Volume Especial, I, Guimarães, 1999, p. 193-200

“Os galegos coñecemos ben o perfil dos nosos castros, coñecemos as súas chairas aplainadas, os muros que sosteñen os terrapréns, os fosos que se abren nos lugares de espunación máis doada, os vestixios dos parapetos, os dispositivos das portas; pois ben, se fóramos ao Cornual ou ao País de Gales, atoparíamos os nosos castros, ca súa mesma forma, cas súas mesmas defensas, cas súas mesmas casoupas arredondeadas, como as do Trega, como as de Troña, como as de Briteiros e Santa Lucía”.

(Florentino López Cuevillas, 1948)

Un dos camiños de actuación da *Sociedade Martins Sarmiento* foi sempre, a parte de divulgar a obra e vida do gran investigador vimaranense, a inquietude pola arqueoloxía, etnografía e historia expresada na creación dunha publicación, a *Revista de Guimarães*, farturenta de colaboracións de xenerosos investigadores adicados á arqueoloxía, etnografía, antropoloxía e museoloxía, entre outros campos do saber.

Non resulta sorprendente pois que con este plantexamento, esta Institución prepare un *Congreso de Proto-História Europea* na celebración do primeiro centenario da morte de F. Martins Sarmiento. No seu ánimo está o desexo de lembrar a extraordinaria actividade intelectual do seu Patruccio nunha data tan sinalada.

Diversas personalidades destinaron parte do seu tempo a estudar a vida e a obra desta ilustre figura, de maneira que ficaron ben descritas as esferas pública e privada de Martins Sarmiento. Con

\* Departamento de Historia I – Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>1</sup> Centro de Arqueología, Facultade de Letras.

todo a miña intención é a de adicar unhas liñas para homenaxear a este home “alto, magro, de cabelos pretos retintos, a tez morena, o passo apressado, destacava-se em qualquer grupo, à primeira vista”, segundo palabras do seu amigo Alberto Sampaio. Pretendo amosar unha visión máis xenérica que a precisa relación de Sarmiento coa arqueoloxía, xa que as súas pescudas traspasaron as fronteiras portuguesas, tanto física como temporalmente.

Primeiramente entrarei na recollida dunhas curiosas referencias en relación as excursións feitas por Sarmiento a **Galiza**. Foi este home pouco dado a viaxar, desde a súa grata residencia en Guimarães ía á Praia de Âncora, a Briteiros, a Póvoa de Varzim e cando a súa saúde era feble, acostumaba ir ás estacións termais do Gerês e Caldelas. Aínda así, nos meses de verán do ano de 1880 aproveitando a súa estadía na praia de Âncora, fixo unha viaxe a terras galegas: desde Caminha e Valença pasou o río Minho, foi a Tui e a Vigo, e de volta pasou por Baiona, Oia, A Guarda, Caminha ata Âncora. Nas súas rápidas xornadas anotaba descripcións no seu *Diario* sobre a localización de vestixios e monumentos do pasado, así como a recollida de tradicións populares. Singular impresión foi a que recibiu de Tui: “o velho morreu debaixo do novo. Pena é”. Tamén observou o Monte de Santa Tegra que de lonxe lle suxería a silueta dun castro: “nenhum monte nos indica a existência de qualquer castro, a não ser o último, o Tecla”. Feito que comprobaría o trece de setembro de 1881, cando contemplou restos de murallas e descubriu fragmentos de cerámica nos taludes.

De volta a Galiza o vinteséis de setembro manifesta: “O Monte Terroso desce com suave inclinação para os *Castros de Pintães*, chegando mesmo a formar uma chã no intermedio. Neste lugar dos Castros vê-se que a pedra de parte da muralha fora arrancada. A cerâmica abúnda, entre a qual os fragmentos de ânforas. Na encosta, descendo para a planície, havia mais que uma ordem de muralhas, e o morro era muito maior do que me parecera visto de longo, de onde apresenta o aspecto do *Picoto dos Mouros* de Âncora”.

Estas breves impresións que o investigador lusitano anotou na súas viaxes por terras galegas eran de gran interese para a súa principal teima: o proveito de albiscar as costas de Galiza consistía en que xa foran obxecto de contacto polos homes da antigüidade por mor do comercio do estaño das Cassitérides. Lembremos que neste ano de 1880 fora publicada a súa obra *Ora Maritima*, unha interpretación

persoal do poema de Avieno na zona correspondente a Galiza e Portugal e, que en setembro presentaría unha comunicación sobre os Lusitanos que versaría acerca da súa orixe.

Despois deste marco de referencia, habería que esperar ata o 1912 -ano en que se creou a Sociedade *Pro Monte* da Guarda (Pontevedra) co gallo de fomentar o turismo naquel lugar- no que se logrou o envío desde Madrid dun funcionario que se responsabilizou da primeira escavación nun castro galego: o de Santa Tegra. Este home foi Ignacio Calvo Sánchez, publicando o artigo "Citánias gallegas", seguido por J. Domínguez Fontenla: "Descubrimientos arqueológicos en Santa Tecla", os dous de 1914, e Celestino García Romero "Una visita al Santa Tecla" (1916), síntese dos achádegos localizados nas escavacións. Ata o resumo dos resultados obtidos nas campañas arqueolóxicas desde 1914 ata 1923, confirmábase segundo os seus autores, unha ocupación no castro desde a época neolítica ata o século IV d.X., xa que descubriron construcións megalíticas, concheiros, armas de bronce, cerámica ibérica, ánforas romanas, lousas sepulcrais e estelas funerarias.

Despois da *Memoria* do seu escavador, temos un artigo de Joaquim Fontes "Uma excursão arqueológica a Galiza" (1927) na que conta unha xornada feita en setembro de 1924 onde se atoparon unhas fíbulas, tipo de Sabroso e de Santa Lucía. Remata dicindo que mentres Sabroso é considerado un castro prerromano, os de Briteiros e de Santa Tegra nos ofrecen instrumentos indíxenas e romanos. Para finalizar, Ángel del Castillo en 1929 fai referencia ó achádego dunha espada corta de antenas con empuñadura de bronce e folla de ferro, sendo a segunda aquí descuberta, preto do concheiro. Suspendidas as escavacións voltaron a comezar en 1929 baixo a dirección dos profesores Cayetano de Mergelina e Sebastián González García-Paz, publicando o primeiro un estudio completo de todo o material que se asoellou na citania.

Voltando ó territorio lusitano, entre os anos 1875 e 1885 xerminarían os proxectos principiados polos homes nados ó redor do 1830, fundando novas institucións, publicando revistas e obras importantes. Dentro deles destacará a persoa de **Martins Sarmento** coas súas escavacións na citania de Briteiros (1875-84) na procura das orixes étnicas, comparándoas coas investigacións efectuadas no poboado de Sabroso (1876-80), e mesmo prospectando con intensidade a zona de Entre-Douro-e-Minho: Felgueiras, Paços de

Ferreira, Santo Tirso, Famalição, Amares..., identificando decenas de castros no primeiro inventario arqueolóxico do Minho, que publicaría en traballos monográficos.

Servirase da disciplina arqueolóxica para defender a súa tese ligúrica dos Lusitanos, rexeitando as liñas celtistas xa vixentes por aquela época. Paralelamente tiña grande habilidade para os idiomas, o que lle permitiu manter correspondencia con investigadores destacados do momento como: Emilio Hübner, Leite de Vasconcelos, Ricardo Severo, Pereira Caldas, Rocha Peixoto, o Abade de Tãgilde, José Brenha, Joaquim de Araújo, o Abade de Miragaia, o Padre Joaquim Pedrosa... aportando nos seus textos manuscritos datos de interese mediante unha serie de referencias etnográficas, etnolóxicas, arqueolóxicas, mitolóxicas, prehistóricas, xeográficas e de tradicións populares, sendo un dos primeiros en preocuparse de forma sistemática por un territorio cultural concreto no ámbito da protohistoria lusitana.

Vintecatros anos despois do pasamento do erudito vimaranense, os contactos de **investigadores galegos** co país lusitano serán frecuentes no campo da esculca histórica, etnográfica e antropolóxica. Aínda que as relacións de carácter científico entre Galiza e Portugal estaban xa delineadas nos plantexamentos de recuperación cultural galega defendidos polo grupo da **Xeración Nós**, recibirán un grande pulo coa creación do *Seminario de Estudos Galegos*. Desde os seus comezos establecéronse estreitas relacións cos centros e universidades do país veciño, como o *Instituto Histórico do Minho* e a *Sociedade Martins Sarmento*, ou a celebración das *Semanas Luso-Galaicas* en marzo de 1933 en Vigo e entre marzo e abril de 1935 en Porto.

Esta última presidiuna o prehistoriador Mendes Correa, axudado por Joaquim Pires de Lima e Joaquim Lopes, sendo secretario Santos Junior. Daquela era Luis Iglesias quen presidía o *Seminario de Estudos Galegos*, acompañado de vintecatros membros como Xesús Carro, Sebastián González García-Paz, Ramón Otero Pedraio, Xosé Filgueira Valverde, Xoaquín Lourenzo... e de acordo co carácter interdisciplinar do congreso as ponencias e coloquios tiveron lugar en diversos ambientes en Porto e noutras cidades e vilas cercanas. O programa das excursións foi amplo: Viana do Castelo, Leça de Bailío, Vila da Feira, Miramar, Guimarães, Briteiros, Buçaco, Curía, Montelios, Braga... rendíndose lembranzas a Martins Sarmento, Serpa Pinto...

O contacto con Portugal proporcionaba un soporte de afirmación fundamental para cotexar e mellorar a cultura galega, e tamén representaba un forte argumento contra as fronteiras políticas establecidas, descubrindo o parentesco histórico, cultural, étnico e lingüístico entre galegos e portugueses. As referencias a Portugal por parte da *Xeración Nós* son abundantes, aínda que os acercamentos a penas superaron o nivel persoal.

Así, Florentino López Cuevillas estivo pensionado en Portugal para estudar xacementos arqueolóxicos como Sabroso e Briteiros, e Mário Cardozo publicou na *Revista Nós* un traballo sobre “Joiás arcaicas encontradas en Portugal” -1929/30-, simbolizando esta vontade de establecer relacións.

No *Grupo Nós*, F. López Cuevillas acometerá a tarefa de buscar as orixes máis afastadas do pobo galego, estudando todo o relacionado con Galiza desde os autores clásicos a investigadores contemporáneos. Coñece os traballos de F. Martins Sarmiento e a súa impronta foi tal que lle adica a súa obra *La civilización céltica en Galiza* (1953).

Ó constituírse no S.E.G. a Sección de Prehistoria (1926), F. López Cuevillas foi elixido como director da mesma, contribuíndo de maneira decisiva ó adianto acadado neste ámbito a partir de entón, xa que este home será o sistematizador da Prehistoria galega. Froito deste traballo emprendido polos homes da *Xeración Nós* e do S.E.G. será a obra: *Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza* (1929), na que se embeberán das ensinanzas de Sarmiento, determinando con método científico as poboacións protohistóricas galegas, xunto á influencia das súas incidencias étnicas e culturais na formación dos períodos cronolóxicos da nosa prehistoria. Suporá dar o primeiro paso na definición de culturas diferenciadas do resto da Península Ibérica, xa que contarían cunha personalidade propia.

Salientou, como Sarmiento na súa época, a autonomía das culturas prehistóricas atlánticas en contraposición co Mediterráneo, pero no caso galego serían os *Oestrimnios* (mencionados nun poema por Rufo Festo Avieno) os creadores da cultura prehistórica, invadidos por xentes centroeuropeas -os primeiros invasores celtas- no século VI a. X.: os *Saefes*. Da tradición indíxena oestrímnica máis da aportación cultural dos saefes xurdirá a cultura castrexa. O máis salientable será a unidade cultural entre Galiza e o Minho portugués, aínda que tamén haberá semellanzas culturais entre Galiza e Bretaña, Irlanda, oeste de

Gran Bretaña, que establecían a existencia de relacións marítimas entre os Fisterras europeos.

Pese a que o progreso nos aspectos teóricos e metodolóxicos no campo da Prehistoria e Arqueoloxía ven sendo considerable, non debe ficar no esquecemento a innegable aportación destes homes na súa época, e así disculparanme que remate coa mesma dedicatoria que lle ofreceron a F. Martins Sarmiento:

*"A LA MEMORIA DE FRANCISCO MARTINS SARMENTO,  
CUYAS HUELLAS SON NUESTRO CAMINO"*

## Bibliografia

- CALVO SÁNCHEZ, Ignacio: "Citánias gallegas". *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, tomo XXXI, Madrid, 1914, pp. 63-77.
- *Monte de Santa Tecla. La Guardia (Pontevedra). Exploraciones arqueológicas verificadas en los años 1914 a 1920*. Tipografía de la "Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos", Madrid, 1920.
  - "Monte de Santa Tecla en Galicia". *Memoria de la Junta Superior de Excavaciones*, nº 62, Madrid, 1923-24, nº 2, pp. 1-20.
- CARDOZO, Mário: "Cartas de Martins Sarmiento ao Professor Pereira Caldas". *Revista de Guimarães*, vol. 37, 1927, Guimarães, pp. 5-10; 97-100.
- "Bibliografia Sarmentina: Subsídios para o estudo e divulgação da Obra de Francisco Martins Sarmiento (1833-1899)". *Revista de Guimarães*, vol. 37, 1927, Guimarães, pp. 115-129; 185-201; vol. 38, 1928, p. 85; pp. 241-242; vol. 39, 1929, p. 119.
  - "Sarmiento e o termo svástica". *Revista de Guimarães*, vol. 38, 1928, Guimarães, pp. 5-7.
  - "Correspondencia entre Emilio Hübner e Martins Sarmiento". *Revista de Guimarães*, vol. 39, 1929, Guimarães, pp.8-18.
  - "Cartas Martins Sarmiento ao Padre Martins Capela". *Revista de Guimarães*, vol. 39, 1929, Guimarães, pp. 121-125; vol. 40, 1930, pp. 5-10, 81-87; vol. 41, 1931, pp. 5-8, 123-126, 227-228; vol. 44, 1934, pp. 5-8, 81-84, 161-163; vol. 45, 1935, pp. 5-9, 93-97; vol. 46, 1936, pp. 129-133; vol. 47, 1937, pp. 5-7, 217-220; vol. 48, 1938, pp. 5-7, 205-210.
  - "Dr. Francisco MARTINS SARMENTO (Esbôço bio-bibliográfico)". *Homenagem a Martins Sarmiento*. Miscelânea de Estudos em honra do investigador vimaranense no centenário do seu nascimento (1833-1933), Guimarães, 1933, pp. 1-19.
  - *Notícia resumida das ruínas arqueológicas de Briteiros e Sabroso, e descrição dos objectos provenientes destes castros, expostos no Museu de Martins Sarmiento, em Guimarães*. Guimarães. Edição da Sociedade Martins Sarmiento, 1938, 11 pp.
  - "Correspondencia entre Martins Sarmiento e o Marquês de Sousa Holstein". *Revista de Guimarães*, vol. 49, 1939, Guimarães, pp. 5-14; vol. 51, nº 1-2, 1941, pp. 5-21.



- “Correspondencia entre Martins Sarmiento e Rocha Peixoto”. *Revista de Guimarães*, vol. 52, nº 1-2, 1942, Guimarães, pp. 5-13; vol. 53, nº 1-2, 1943, pp. 5-13.
  - “Um conflicto no Tournal há 88 anos (Episódio da mocidade de Martins Sarmiento)”. *Revista de Guimarães*, vol. 53, nº 3-4, 1943, Guimarães, pp. 175-203.
  - “Cartas de Martins Sarmiento ao Abade de Tagilde”. *Revista de Guimarães*, vol. 54, nº 1-2, 1944, Guimarães, pp. 5-18; nº 3-4, pp. 91-104.
  - “Correspondência entre Martins Sarmiento e o Padre José Brenha”. *Revista de Guimarães*, vol. 55, nº 1-2, 1945, Guimarães, pp. 5-12.
  - *Correspondência epistolar entre Emilio Hübner e Martins Sarmiento. 1879-1899*. Guimarães. Edição da Sociedade Martins Sarmiento, 1947, 100 pp.
  - “Correspondência entre Martins Sarmiento e Joaquim de Araújo”. *Revista de Guimarães*, vol. 58, nº 1-2, 1948, Guimarães, pp. 5-16.
  - “Correspondência entre Martins Sarmiento e o Abade de Miragaia, Pedro Augusto Ferreira”. *Revista de Guimarães*, vol. 63, nº 1-2, 1953, Guimarães, pp. 255-284.
  - “Cartas de Leite de Vasconcelos a Martins Sarmiento”. *Revista de Guimarães*, vol. 64, nº 1-4, 1954, Guimarães, pp. 5-22, 237-258; vol. 65, nº 1-4, 1955, pp. 5-40, 235-271; vol. 66, nº 1-2, 1956, pp. 5-38.
  - “Martins Sarmiento em terras da Galiza”. *Revista de Guimarães*, vol. 56, nº 1-2, 1956, Guimarães, pp. 109-124.
  - *Cartas de Leite de Vasconcelos a Martins Sarmiento. 1879-1899*. Guimarães. Edição da Sociedade Martins Sarmiento, 1958, 226 pp.
  - “Cartas de Ricardo Severo para Martins Sarmiento”. *Revista de Guimarães*, vol. 70, nº 1-2, 1960, Guimarães, pp. 5-20.
  - *Francisco Martins Sarmiento. Esboço da sua Vida e Obra científica*. Guimarães. Edição da Sociedade Martins Sarmiento, 1982, 54 pp.
- CASTILLO LÓPEZ, Ángel: “Un nuevo puñal de antenas”. *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo XXII, nº 261, 1936, A Coruña, pp. 233-236.
- DOMÍNGUEZ FONTENLA, J.: “Descubrimientos arqueológicos en Santa Tecla”. *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo VII, nº 80, 1914, A Coruña, pp. 193-195.



- “El monte de Santa Tecla. Importantes hallazgos en La Guardia”. *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, tomo VI, nº 139, 1921, Ourense, pp. 313-315.
- FONTES, Joaquim: “Uma excursão arqueológica a Galiza”. *Arqueología e História*. Separata do nº V. Associação dos Arqueólogos Portugueses. Lisboa, 1927, 40 pp.
- GARCÍA ROMERO, Celestino: “Una visita al Santa Tecla”. *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo IX, nº 104, 1916, A Coruña, pp. 169-177.
- LÓPEZ CUEVILLAS, Florentino e BOUZA BREY, Fermín: “Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza”. *Arquivos do S.E.G.*, II, 1929, Santiago de Compostela, pp. 27-193.
- *La civilización céltica de Galiza*. Ediciones Itsmo, Madrid, 1988. 1ª Edición de 1953.
- MARTINS, Manuela: “Martins Sarmento e a Arqueologia dos Castros”. *Revista de Guimarães*, vol. 105, 1995, Guimarães, pp. 127-138.
- MARTINS SARMENTO, Francisco: *Observações á Citânia do Snr. Doutor Emilio Hübner*. Porto, Topographia de Antonio José da Silva Teixeira, 1879, 46 pp.
- *Expedição científica á Serra da Estrella em 1881. Secção de Archeologia*. Lisboa, Imprensa Nacional, 1883, 26 pp. e X estampas.
- *Lusitanos, Lígures e Celtas*. Porto, Topographia de Antonio José da Silva Teixeira, 1891-1893.
- “Antiqua”. *Revista de Guimarães*, vol. 80, nº 1-2, 1970, Guimarães, pp. 11-72.
- MERGELINA, Cayetano de: “La citania de Santa Tecla. La Guardia. Pontevedra”. *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, vol. XI, 1945, Valladolid, pp. 13-18.
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro: “El anticeltismo de Francisco Martins Sarmento”. *I Colóquio Galaico-Minhoto (1981)*, t. II, 1983, Braga, pp. 45-109.
- PINA, Luis de: “O espírito de Sarmento nas letras das suas cartas”. *Revista de Guimarães*, vol. 77, nº 1-2, 1967, Guimarães, pp. 143-191.
- PIRES DE LIMA, Augusto C.: “A correspondência Martins Sarmento-Padre Joaquim Pedrosa”. *Revista de Guimarães*, vol. 50, nº 1-4, 1940, Guimarães, pp. 77-105, 181-214.
- PRADO FERNÁNDEZ, Otilia: “Aportación do Seminario de Estudos Galegos á Arqueoloxía: unha revisión.” *I Premio de Investigación*,



**casadesarmento**

centro de estudos do património

1996, *"Xesús Ferro Couselo"*, Concello de Valga, Pontevedra, 1997, pp. 61-157.

SANDE LEMOS, Francisco de: "Martins Sarmento e a Arqueologia portuguesa dos anos setenta e oitenta do século XIX". *Revista de Guimarães*, vol. 105, 1995, Guimarães, pp. 117-126.

SANTOS SIMÕES, J.: "A Sociedade Martins Sarmento e a Galiza". *Revista de Guimarães*, vol. 106, 1996, Guimarães, pp. 321-332.